

# TROFEO Í CAN DE PALLEIRO/A DO ANO EN GALICIAÍ



## BASES

**Artigo 1º**- O Club de Raza Can de Palleiro crea o TROFEO %CAN DE PALLEIRO/A DO ANO EN GALICIA+, en apoio ós propietarios e para favorecer a recuperación da raza canina autóctona CAN DE PALLEIRO,

**Artigo 2º** -Poderán concursar todos aqueles cans debidamente inscritos no Libro Xenealóxico da Raza aínda que non naceran ou non residan en Galicia neste intre, sendo condición indispensable que participen nos concursos monográficos que se organicen nesta Comunidade baixo a supervisión do Club da Raza e como único medio válido para a consecución dos puntos necesarios para este campionato. Será indispensable a participación en al menos dous concursos.

Ademais, e no caso de exemplares maiores de 18 meses, machos ou femias, só poderán participar aqueles que xa obtiveran previamente á data da celebración de cada concurso a cualificación de %Apto para Reproducir+.

**Artigo 3º** -Será proclamado ganador do TROFEO e, polo tanto, %PALLEIRO/A DO ANO+, o exemplar que obtivera máis puntos, sumadas as puntuacións obtidas en tódolos Concursos Monográficos nos que participe.

### -----BAREMO DE PUNTOS-----

MELLOR DO CONCURSO	150 puntos
RESERVA DE MELLOR DO CONCURSO	125 ‰
MELLOR MACHO ADULTO	100 ‰ (maior de 18 meses)
MELLOR FEMIA ADULTA	100 ‰ (maior de 18 meses)
MELLOR MACHO XOVEN	50 ‰ (maior de 9 meses e menor de 18)
MELLOR FEMIA XOVEN	50 ‰ (maior de 9 meses e menor de 18)
MELLOR CACHORRO/MOI CACHORRO MACHO	25 ‰ (maior de 3 meses e menor de 9)
MELLOR CACHORRO/MOI CACHORRO FEMIA....	25 ‰ (maior de 3 meses e menor de 9)

**Artigo 4º** -En cada concurso se considerará a puntuación correspondente á máxima cualificación obtida segundo conste nos carnés dos xuíces. Ademais se sumará un punto por cada exemplar co que teña competido no ring, que obteña unha cualificación inferior.

**Artigo 5º** -O trofeo se empezará a puntuar có primeiro concurso que teña lugar a partir da celebración da Semana Verde Internacional de Silleda de cada ano e rematará có concurso que terá lugar na mesma Semana Verde do ano seguinte. Para que o campionato sexa válido, teñen que celebrarse polo menos 4 concursos distintos.

Os trofeos e diplomas serán entregados durante a mesma Feira Internacional de Silleda-Semana Verde .

**Artigo 6º** -En caso de empate se proclamará gañador o can/cadela que teña obtido máis MELLOR DO CONCURSO.

**Artigo 7º -**

PREMIOS: Primeiro clasificado: DIPLOMA DE HONOR, TROFEO E TITULO DE %BALLEIRO/A DO ANO EN GALICIA+;

Segundo e Terceiro clasificado: Diploma de Honor e Trofeo

Do 4º o 15º clasificado: Diploma de Honor

**Artigo 8º** -As normas de participación neste Trofeo e, polo tanto, nos Concursos puntuables, se rexerán polo %Reglamento de Concursos y Exposiciones de la R.S.C.E.+;

**Artigo 9º** -Polo feito de participar no TROFEO %BALLEIRO/A DO ANO EN GALICIA+; tódolos concursantes se someten as resolucións que adopte o CLUB DA RAZA %CAN DE PALLEIRO+ o cal se encargará do control das puntuacións do TROFEO.

CLUB DE RAZA CAN DE PALLEIRO